

5.- RECURSOS HUMANOS

As necesidades de man de obra son o 40% do custo de produción, osea, de gran incidencia no total do cálculo.

Este cultivo ten moita variabilidade entre un ano e outro e dentro do ano, polo que deberase facer unha detallada planificación para dispor dela no momento axeitado e en cantidade suficiente que se pode estimar, dende 600 a 3000 horas/ha según tipo de plantación, sobre todo en recolección (1/3 das necesidades totais) e poda.

Podemos atopar tres modelos de explotación:

Pequena escala, complementaria cunha actividade profesional, non relacionada co mundo rural. Aquí a man de obra será individualizada, a excepción da colleita.

Explotación frutícola dentro dunha diversificación da produción agraria dentro do mundo rural (horta, froita etc.). Neste tipo de explotación, en función da diversificación, haberá persoal contratado ou axuda familiar ou externa.

Explotación profesional, adicada a mazá de sidra onde teño que establecer 1 UTH, está calculada que será mínimo de 3 has., a adicación será exclusiva e complementariamente apoio externo para certas operacións mediante peonadas.